

Duatlón Cros
Proba non competitiva
10 de decembro de 2022

REGULAMENTO DA PROBA

ORGANIZA:

Universidade de Santiago de Compostela
Triatlón Inforhouse Santiago
Contacto: club@triatloninforhousesantiago.com

COLABORAN:

Concello de Santiago
Federación Galega de Triatlón e PM.

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Estadio de San Lázaro-Verónica Boquete

PROGRAMA:

Entrega de dorsais e control de material:

A recollida de dorsais estará aberta dende as 8:45 ó carón da saída.

Todos/as os/as participantes deberán pasar unha revisión da bicicleta antes da saída que estará operativa ata 20' antes de cada proba. Prestarase especial atención que os freos estean debidamente regulados.

Categorías e horarios

ANO NACEMENTO	HORARIO
2016-2015 (6 anos cumpridos)	13:00
2014-2013	10:00
2014-2013	10:10
2012-2011	10:45
2012-2011	10:55
2010-2009	11:30
2010-2009	11:40
2008 - 2007-2006	12:15
2008 - 2007-2006	12:25

Percorridos

2016-2015: consistirá nunha gymkana non competitiva

2014-2013: 200 m carreira a pé - 400 m ciclismo BTT - 100 m carreira a pé

2012-2011: 400 m carreira a pé - 800 m ciclismo BTT - 200 m carreira a pé

2010-2009: 600 m carreira a pé 1500 m ciclismo BTT - 300 m carreira a pé

2008-2007-2006: 800 m carreira a pé 3000 m ciclismo BTT - 400 m carreira pé

Premios, clasificación e cronometraxe

Todos os participantes recibirán unha medalla o rematar o proba e publicarse unha clasificación no taboleiro de anuncios ó rematar o xornada.

Os/as nenos/as levarán un chip para o cronometraxe electrónico que será devolto ó pasar a linea de meta.

NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexeráse segundo as normativas vixentes do Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

INSCRICIÓN:

Inscripción gratuíta.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da plataforma corresponsables da Usc.

AMBULANCIA E MÉDICO:

A ambulancia asistencial e o médico estarán situados na postmeta.

SEGURO DE ACCIDENTE:

Os/as participantes, contarán co [seguro deportivo](#) do programa XOGADE, para actividade deportiva federada de 6-16 anos, debendo seguir o protocolo publicado na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ante calquera incidencia.

CIVISMO E RESPECTO:

Os/as participantes a través dos seus responsables, aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométese tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os/as

xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación de acordo ao regulamento deportivo. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente a interesados/as, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.